

Manuel Luís Acuña recuperado

Anxo Tarrío Varela

Hai uns poucos días presentouse no Salón Nobre de Fonseca un libro-homenaxe a Manuel Luís Acuña (Sobrado de Trives, 1899-Ourense, 1975) no que se fai xustiza a un home que fora, como tantos, represaliado polo franquismo, despois de ter sido unha figura singular do panorama cultural e político galego dende a segunda metade da década dos anos vinte até a guerra civil, a partir da cal ficou nun absoluto mutismo literario tan só compensado polo maxisterio que seguiu a impartir dende a actividade docente privada e dende a palabra viva, sempre disposta e serea para quen quixese achegarse a ela na intimidade, segundo aseguran moitas voces que gozaron da súa amizade ou breve coñecemento.

As liñas que estás percorrer cos teus ollos, lector, queren chamar a túa atención sobre esta publicación nun momento en que podemos acceder a textos literarios dende internet mediante a operación de “baixalos” aos nosos arquivos informáticos ou ás nosas impresoras; algo que, se ben supón un avance indubidábel no que se refire á democratización da cultura, nos privará (¡ben: privará a quen así o queira, non a este servidor!) do pracer de coller na man ese obxecto que chamamos *libro* e que vai máis alá da súa mera condición de soporte dunhas letras peor ou mellor dispostas.

Estou a falar do magnífico volume que acaba de sacar do prelo Edicións Xerais de Galicia baixo o título *Manuel Luís Acuña*. Un libro exemplar na súa factura e no seu coidado, tanto dende o punto de vista textual coma material ou plástico. A este respecto, fixeron un bo traballo os responsábeis do proceso impresor: dende o encargado da edición literaria, Ramón Nicolás Rodríguez, até os que souberon fabricar ese obxecto grato ao tacto e aos ollos, Salvador G-B Pereira, encargado do deseño e da maquetación, e Antón Pulido, responsábel da edición plástica. Todo un equipo que, xunto ao entusiasmo de Ramón Luís Acuña, fillo do poeta, e aos profesionais da empresa editorial, nos demostra que o libro segue a ser, cando se fai con seriedade, agarimo e sensibilidade estética, a gran conquista da nosa civilización. Reunir trinta e un colaboradores de escritura e vintecinco de obra ilustradora a todo color non é labor doado. E se a iso lle engadimos os documentos fotográficos inéditos que se incorporan, o meu lector poderá facerse unha idea do que lle estou a transmitir.

O curioso é que o resultado final non dá un libro ampuloso, deses tan difíciles de manexar porque están concibidos para descansar, sen abrírense, toda unha eternidade de pó e humedén, nas estanterías dos horrendos móbeis deses tristes salóns de visita aos que nunca arriba o amigo esperado.

Non, non é un libro de decoración mobiliar, senón un libro blando e equilibrado, amábel aos ollos e ao tacto, cheo de interese textual (se salvan un capítulo asinado por un tal Anxo Tarrío) e portador desa memoria que tanta falta nos fai manter viva nestes momentos en que certas pistolas e lapas da morte están a matar os lirios do pensamento máis valente e moralmente honesto. Do pensamento que debeu guiar sempre a conducta de Manuel Luís Acuña, segundo afirman quen tiveron a fortuna de coñecelo, non este cronista, que pola altura de 1975, cando nos deixou para sempre o poeta de Trives, andaba aínda aos biosbardos. E segundo afirma, moi principalmente, o seu fillo, Ramón Luís Acuña, pois, con algo de oficio literario, facer apoloxías dos mortos é ben doado, independentemente da sinceridade ou disimulación con que se elabore o texto, pero pasar postumamente, sen mediaren intereses bastardos (quero dicir económicos, sociais, etc.), a que poderíamos chamar “proba do fillo”, equiparábel á do algodón publicitario,

iso tan só pode superalo alguén que o mereceu moito xa en vida. E iso debeu ser **Manuel Luís Acuña**: un pai grato e intelixente, é dicir unha gran persoa, ademais dun bo poeta.

O Correo Galego, 7-decembro-2000